

“Érase unha vez...”

“Había unha vez...”

“Hai moito, moito tempo, nun país moi lonxano...”

... Poucas frases posúen tan elevado poder de suxestión sobre o ser humano como estas coas que acostuman comezar esos breves relatos que chamamos contos. Non importa a idade, nin a condición social, nin o tempo, nin a cultura... Ao escoitar ou ler estas palabras case máxicas de *“Érase unha vez...”* todos nos sentimos atrapados -especialmente os nenos e mozos- pola apertura dun mundo máxico, fantástico, lendario e misterioso, que cautiva a nosa atención e a nosa imaxinación, que nos abre as portas dun mundo onde todo é posible.

Como produtora de obras dirixidas á infancia, vémonos na obriga de investir nas novas xeracións valores que lles axuden na súa educación, crecemento e desenvolvemento a todos os niveis posibles. Somos conscentes de que os nenos, nos primeiros anos de vida, ademais de iniciarse no gusto polos contos, espertan todos os seus sentidos á vida. E tamén o somos de que é a linguaxe audiovisual a que máis os seduce.

É o cine un instrumento de entretemento e educativo inigualable, porque nel xúntante todas as expresións artísticas: plástica, musical e narrativa. Coa nosa *“Tropa de Trapo”* tentamos seducir coa sinxeleza dun pequeno conto aos nenos e nenas que están espertando ao mundo, e atrapalos nunha divertida aventura que, ademais de entretelos, axude a consolidar neles valores como os que neste conto tratamos de transmitirilles: a importancia de aceptarse a un mesmo tal como somos, porque os nosos amigos deben querernos polo que somos e non polo que aparentemos ser. Tentar converternos noutra persoa para que nos queiran máis é unha trampa na que non debemos caer. Do mesmo xeito, tamén debemos aprender a querer aos amigos tal e como son, porque querer e que nos queiran con nobleza faranos máis felices.

Tamén a nós, se somos capaces de chegar a eles, compartir esta historia que construímos con moita nobleza cos nenos e nenas fará que nos sintamos moi felices. Se somos quen de modelar as súas sensibilidades a través das nosas

personaxes, das nosas melodías e do noso relato de forma que no futuro demanden a calidade que merecen, entón a felicidade sería plena.

Chelo Loureiro

Produtora

PÚBLICO:

Nenos e nenas entre 2 e 6 anos. Familiar.

STORY LINE:

A gran viaxe da pequena Mumu para conseguir o seu soño: converterse nunha gran estrela.

LOG LINE:

A pequena vaca Mumu vai vivir unha aventura cargada de acción, suspense e diversión. Os seus enormes desexos de converterse nunha estrela conduciran a unha situación surrealista da que será liberada grazas ao labor en equipo e ao enxeño dos seus compañeiros, aos que abandonara por non posuír o *glamour* ao que ela aspiraba. Grazas a eles descubrirá tamén que debemos querer aos demais tal e como son e non polo brillo que aparenten ter.

TEMA:

A importancia de formar a nosa propia personalidade é o que nos fai queribles e orixinais. Tentar imitar a aqueles a quen admiramos pode conducirnos ao aborregamiento e á perda de valores.

PERFIL DAS PERSONAXES PRINCIPAIS:

MUMU

A divertida vaca Mumu é MUUUUUI inxenua. Para ela van todas as explicacións e, as máis das veces, tamén as bromas dos seus compañeiros.



MILO

O oso Milo é quizáis o máis intelixente do grupo e o que ten máis sentido común. Curioso por natureza, Milo encabeza a maior parte das iniciativas. Non é un líder... ¡é que todos o siguen!



RITA

Rita é a xirafa máis bromista do parque...ou quizáis do mundo enteiro. A súa simpatía non ten par salvo que llo pregunten a Mumu...



ALFRED

O canciño Alfred é todo un señor. É acougado e racional. O que non quere dicir que goste de perder aventura ningunha.



OLGA

Olga ten un corazón máis grande do que semella. Non é áxil pero si moi lista e, sen dúbida, a que mellores abrazos da.



TALALO

Talalo é un paxaro especial. Non fala e o seu enorme pico non lle permite ser moi expresivo. Aínda así é o contrapunto perfecto do grupo.



A TROPA DE TRAPO

